



## Concello de Lourenz

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

TIF: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



### **ACTA DA SESIN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DA VINTESETE DE AGOSTO DO 2015**

#### **SRES. ASISTENTES:**

Da. Roco Lopez Garca .  
D. Manuel Arango Ron.  
D. Carlos Rivas Rivas.  
Da. Ma.Mercedes Dengra Sixto.  
D. Francisco Dasilva Rivas.  
D. Miguel Castrilln Fernandez  
Da.Ma Emma lvarez Chao.  
D. Fco. Javier Rguez. Barrera.  
Da. Josefa Rodrguez Lorenzo.  
D. Pablo Maseda Fernandez.  
D. Angel Fernandez Villalba.

#### **Secretaria -Interventora:**

Da.Begona Gonzalez Pedregal.

=====

No Saln de Actos da Casa Consistorial de Lourenz, sendo as vinte horas corenta minutos do da VINTESETE DE AGOSTO do 2015, reunense os seores concelleiros electos enumerados  marxe, actuando como Secretaria e dando fe do acto, Da. Begona Gonzalez Pedregal  obxecto de celebrar sesin extraordinaria en primeira convocatoria.

Unha vez aberta a sesin pola Presidencia pasouse  exame e deliberacin dos asuntos comprendidos na Orde do Da, adoptndose os acordos que seguidamente se relaciona:

En primeiro lugar e antes de pasar  orde do da, por parte da Sra. lvarez Chao, voceira do P.Popular indicouse que o Grupo Municipal do P.Popular quixera promover unha declaracin institucional de apoio s vtimas de violencia de xnero e firme condena dos maltratadores dos tres grupos municipais.

Pola Sra. Alcaldesa contestuselleva que non era forma nin modo de facelo, remitindo o texto por wasap pola ma dicindo que o concelleiro do B.N.G. estaba de acordo, que as cousas non se facan as, que non estaba dentro do orde do da e non se poda tratar, que ela ofrecase a convocar a xunta de portavoces, elaborar un texto conxunto e levalo ao prximo pleno ordinario, que os temas tian que levar os seus canles legais.

A Sra. lvarez Chao continuo dicindo que tia consultado a tres secretarios e dixranlle que poda inclula que as declaracins institucionais non se votaban e soamente se recollan na acta.

Ante estas afirmacins, por Secretaria -Intervencin despois de pedir a palabra  Alcalda, indicouse que ela entenda que non poda tratarse este asunto por ser un pleno extraordinario e non estar dentro da orde do da, que as declaracins institucionais non tian debate pero que, por suposto, tian que votarse e aprobarse e neste pleno non era posible, que podera facerse unha declaracin pola xunta de portavoces.

Pola sa parte o Sr. Arango Ron matizou que ademais, nese texto que propoa a Sra. lvarez Chao, eles seguramente teran que facer algunhas puntualizacins como era o feito de reivindicar que se volvera a

incluír na educación dos nenos a materia da educación para a cidadanía que fora eliminada polo partido popular.

Coa proposta da Sra. Alcaldesa, deuse por resolto o tema e seguidamente e aludindo ó disposto no artigo 80.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, a Sra. Álvarez Chao, pediu explicacións sobre a motivación da convocatoria do pleno extraordinario. Pola Sra. Alcaldesa indicase que a Secretaria - Interventora vai coller vacacións.

Por parte da voceira do P.Popular manifestase que o seu grupo pensa que é un despilfarro e que non lle parece motivo suficiente xa que a celebración do pleno supón un custo de cerca de oitocentos euros e ademais porque dentro de menos dun mes ten que celebrarse un pleno ordinario onde podían incluírse os asuntos deste pleno e porque noutras ocasión se celebraron plenos asistidos pola secretaria en funcións do concello, sen ir máis lonxe o convocado pola Sra. Alcaldesa, como extraordinario e urxente no pasado mes de xuño, para fixarse o seu soldo.

Pola súa parte o voceiro do P.Socialista, Sr.Arango Ron respondeulle que se era polo gasto, o seu grupo propoñía a renuncia ó cobro da indemnización por asistencia, postura na que estiveron de acordo os concelleiros do partido socialista e o concelleiro do B.N.G. non así os do partido popular que o xustificaron dicindo que non renunciaban porque tiveran que deixar as súas responsabilidades para asistir ó pleno e non querían apoiar a actuación irresponsable do equipo de goberno, que o feito de non cobrar , o fixeran noutras ocasións pero por outros motivos.

Pola Sra. Alcaldesa indicouse que entón víase que o gasto non era a preocupación do Partido Popular e dando por finalizado o debate, os concelleiros do P.Socialista e do B.N.G. acordaron non percibir as indemnizacións pola asistencia á presente sesión plenaria.

### **1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 16 DE XULLO DO 2015.**

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data dezaseis de xullo do dous mil quince (16/07/15) distribuída coa convocatoria, por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, fíxose constar que, no punto sexto, a súa intervención non estaba moi ben recollida porque ante ó seu razoamento de eficacia do Sr. Arango, el replicáralle que poderían levarse ó pleno cando non foran urxentes e el contestaralle que sairían na páxina web, e el volveralla a dicir que non lle contestaba ó que lle dicía e que o único que estaba facendo era marear a perdez.

Así pois, acordada por unanimidade a corrección observada polo Sr. Fernández Villalba, esta quedaría redactada da seguinte forma:

*"(...) e o Sr. Arango, voceiro do P.S.de G.-P.S.O.E., indicou que todo ía a ser público e que a delegación facíase por razóns de eficacia e operatividade.Ante estas palabras, o Sr. Fernández Villalba, replicoulle que os temas poderíaos tratalos o pleno cando non foran urxentes, indicando o Sr. Arango que todo sairía publicado na páxina web, ao que volveulle a*



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



replicar o Sr. Fernández Villalba alegando que con iso non daba contestación á súa argumentación e que máis ben parecía que o único que estaba facendo era mareando a perdiz."

A continuación, tomou a palabra a Sra. Álvarez Chao, sinalando as seguintes puntualizacións ó borrador da acta:

a) Que no punto quinto, letra e), parágrafo segundo, cando propuxera que os representantes na Mancomunidade foran a Sra. Alcadesa e ela, aludira a que agora tiñan a oportunidade de cambiar e non se recollera na acta. O Pleno estivo de acordo e acordou insertar a seguinte frase no borrador da acta:

"(..)e que a ela tamén gustaríalle que se fixera extensivo ó GDR1, manifestando que agora o equipo de goberno tiña a oportunidade de rachar o que se facía antes e tomar decisións, e posto que agora gobernaban, que tomaran decisións."

b) Tamén no punto catro, no derradeiro parágrafo, cando se di: "En canto a que faltaban sinaturas.....", debería constar como xustificación anterior as súas palabras de que faltaban sinaturas. Así pois unha vez aprobada dita corrección polo Pleno, a acta quedaría redactada da seguinte forma:

"A máis manifestouse que faltaban as sinaturas de dous concelleiros na documentación que facilitaron aos grupos da oposición se ben aclaróuselle que o escrito estaba asinado por todos."

c) Finalmente no punto sexto, no parágrafo carto, ás palabras do Sr. Arango ela contestáralle que o equipo de goberno prometera transparencia en campaña e non aparecía recollido na acta. Así e estando tódolos concelleiros conformes, acordouse insertar no borrador a seguinte frase:

"(..) e que agora chamáballe a atención que se quixera arrimar nestes temas ó grupo da oposición, ao que a Sra. Álvarez Chao contestoulle: "pero agora tócalles gobernar a vostede e en campaña prometeron facelo con transparencia para todo."

Finalmente por parte do Sr. Rodríguez Barrera indicouse que, como xa avisara noutra ocasión, o seu apelido era Barrera e non Barreira, como aparecía no borrador e que ademais dábase a casualidade de que existía outra persoa no concello que se chamaba exactamente igual que el pero este si que era Barreira, de aí a necesidade de escribilo ben porque podía prestarse a confusión.

Finalmente e, despois de que polo Sr. Arango dixerase que as actas debían recoller as votacións e a parte dispositiva dos acordos e en canto ós debates, un resume sucinto dos mesmos e as palabras literais cando o concelleiro o fixera constar; o borrador da acta, coas modificacións indicadas, foi aprobado por unanimidade dos presentes.

### **2º.- CORRESPONDENCIA OFICIAL.**

Neste primeiro punto do orde do día, pola Alcaldía deuse conta dos escritos que a continuación se detallan, quedando ó Pleno enterado do contido de todos eles, a saber:

A) Escrito do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de data 01/07/2015 polo que se comunica que, segundo a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, o tipo de interese que se aplicará a partir do primeiro vencemento do 2016 ós préstamos subscritos antes do 2014 polas entidades locais con Fondo de Financiamento dos pagos a Provedores será do 1,311%.

B) Outro da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A. de data 04/05/2015, con rexistro de saída núm. 2327 e polo que se da contestación ó acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión extraordinaria de 16/04/2015 relativo á mellora dos servizos postais no citado concello.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A DATA DE 23/03/2015 ATA O 20/08/2015.**

A continuación deuse conta das Resolucións da Alcaldía dende o día 23/03/2013 ata o día 20/08/2015 quedando o Pleno ao tanto do contido de todas elas.

### **4º.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO CONCELEIRO DO B.N.G., D. ANGEL FERNÁNDEZ VILLALBA REFERENTE Á CONSTITUCIÓN DO B.N.G. COMO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DA CORPORACIÓN.**

A continuación pola Alcaldía deuse conta do escrito núm.1073 de 22/07/2015 presentado por D. Angel Fernández Villalba, concelleiro electo da Corporación Municipal polo B.N.G. quen informa, de conformidade cos artigos 24 e 25 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades Locais, da constitución do Grupo Municipal do BNG da Corporación Municipal, que estaría integrado por el como único membro, sendo polo tanto o voceiro do mesmo.

O Pleno do Concello quedou enterado da constitución de dito grupo político.

( Neste momento de desenrolo da sesión entrou o concelleiro Sr. D. Francisco Dasilva Rivas.)

### **5º.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE CALENDARIO LABORAL 2016 E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

Pola Alcaldía informouse que tal e como se solicitaba no escrito núm.96124 de 23/07/15 , Referencia ALF/llr que foi rexistrado nas oficinas municipais o día 27/07/15 co núm.1101,, remitido pola Delegación Territorial da Consellería de Traballo e Benestar e referente á elaboración do Calendario Laboral para o ano 2016 na Comunidade Autónoma de Galicia, facíase necesario fixar os dous días de festas locais antes do 30 de setembro do ano en curso, e que a proposta do seu grupo era poñer as mesmas que nos anos anteriores, é dicir, Martes de Entroido e Luns do Conde Santo.



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



A continuación pasouse á votación e o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDOU:

Primeiro.- Fixar como Festas Locais para o próximo ANO 2016 no termino municipal de Lourenzá, as seguintes datas:

- 9 DE FEBREIRO 2016..... MARTES DO ANTROIDO.

- 29 DE AGOSTO 2016..... LUNS DO CONDE SANTO.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### **6º.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPUESTO DO EJERCICIO 2014.**

Neste punto da orde do día deuse conta ó Pleno do Concello, de conformidade co disposto no artigo 191 e 192.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, da aprobación, por acordo da Xunta de Goberno Local de data dezaseis de abril do dous mil quince(16/04/15), da Liquidación do Presupuesto Municipal correspondente ó exercicio do 2014 así como da súa remisión o Ministerio de Economía e Facenda, o día 08/05/2015, dando así cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira. O Pleno da Corporación quedou enterado tanto de dita aprobación como das preceptivas remisións.

Pola Secretaría - Intervención informouse de que, dado que a dita Liquidación do exercicio 2014 INCUMPLÍA a Regra de Gasto, arroxando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable, ó peche do exercicio, por importe de 34.142,90 Euros, era necesario formular un Plan Económico - Financeiro, de conformidade co establecido no artigo 21 da Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira. Finalmente pola Secretaría - Interventora deuse lectura a dito artigo quedando o Pleno enterado do seu contido.

### **7º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO ADOPTADO POLA XGL DE 03/07/15 REFERENTE A ADOPCIÓN DE ACORDO, CONFORME Á LEI 6/2015 DE MODIFICACIÓN DA LEI 2/2012 DE ESTABILIDADE PRESUPPOSTARIA, PARA PODER CURSAR SOLICITUDE Ó FONDO DE FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS PARA EXECUCIÓN SENTENCIAS FIRMES.**

Neste punto da orde do día, en primeiro lugar e tras indicar que facíao por motivos éticos, ausentouse do salón de sesións o concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba.

Por parte da voceira do P. Popular, Sra. Álvarez Chao preguntouse se faltaba algunha documentación aparte da facilitada, que ela lira que facía falla un plan económico - financeiro, ó que por Secretaría - Intervención indicouse que non era necesario e que a documentación facilitada era a que

había, dixo tamén que non constaba que existira un problema grave de Tesourería, ao que por parte da Secretaría -Intervención contestóuselle que efectivamente non constaba porque actualmente o desfase de Tesourería non era grave pero que carga-lo orzamento do ano que ven cunha partida tan elevada provocaría una carga moi grande para o concello e era o que se trataba de solucionar. Por Secretaría - Intervención explicouse tamén que o Pleno tiña que ratificar o acordo da Xunta de Goberno no sentido de dotar nos presupostos do exercicio do 2016 dun Fondo de Continxencia equivalente ó 1% dos seus gastos non financeiros con fin de atender posibles obrigacións de pago derivadas de futuras sentencias firmes e que suporía aproximadamente a cantidade de Dezaseis mil catrocentos (16.400.-) euros.

A Sra. Álvarez Chao indicou que o presuposto non tiña porque ser tan elevado, que o proxecto podería facelo o persoal do concello, que tiña titulación e preparación suficiente, e sen custo algún, ó que se lle contestou que se solicitara o presuposto indicado polo arquitecto técnico municipal no seu informe.

Finalmente a voceira do P. Popular manifestouse que o seu grupo ía absterse porque era partidaria de que as cousas se fixeran ben e a licenza non fora ben dada, ao que por parte do Sr. Arango díxose que quería que constase en acta esta afirmación porque fora o partido popular o que a concedera, contestándolle a Sra. Álvarez que non tiña ningún problema porque ningún dos concelleiros actuais estaban cando se concedera dita licenza.

Finalmente pasouse á votación e o Pleno en votación ordinaria ACORDOU con seis votos a favor, do P.S.de Galicia -P.S.O.E. e catro abstencións, do Partido Popular, ratifica-lo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado tres de xullo do ano en curso sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

**"5º.- PROPUESTAS DE LA ALCALDÍA:**

**H) DACIÓN DE CUENTA DE LA APLICACIÓN DE CAPTURA DEL FONDO DE IMPULSO ECONÓMICO PARA 2015 PARA LA FINANCIACIÓN DE SENTENCIAS JUDICIALES FIRMES Y ADOPCIÓN DEL ACUERDO QUE PROCEDA.**

*Vista la Disposición Adicional referente a la Financiación de la ejecución de sentencias firmes por parte de las Entidades locales contenida en la Ley 6/2015 de 12 de junio, de modificación de la Ley Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera en la que se dispone que las entidades locales podrán incluir las necesidades financieras que sean precisas para dar cumplimiento a las obligaciones que se deriven de las mismas, en los compartimentos Fondo de Ordenación o Fondo de Impulso Económico, del Fondo de Financiación a Entidades locales, si se encuentran en las situaciones descritas en los artículos 39 o 50 del Real Decreto-ley 17/2014, de 26 de diciembre, de medidas de sostenibilidad financiera de las Comunidades Autónomas y Entidades locales y otras de carácter económico, siempre que se justifique la existencia de graves desfases de tesorería como consecuencia de aquella ejecución.*

*Visto que el Ayuntamiento cumple con lo dispuesto en el artículo 50 del Real Decreto-ley 17/2014, de 26 de diciembre, de medidas de sostenibilidad financiera de las comunidades autónomas y entidades locales y otras de carácter económico, concretamente el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública, el cumplimiento de que su período medio de pago a proveedores no*



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



*supere en más de treinta días el plazo máximo previsto en la normativa sobre morosidad durante los dos últimos meses previos a la solicitud y el que se encuentre al corriente de sus obligaciones de suministro de información económico-financiera,*

*Visto que este Ayuntamiento tiene que hacer frente a la Sentencia Judicial Firme núm. 402/2008 de fecha 14 de noviembre de 2008, dictada por el Juzgado de lo Contencioso Administrativo núm.1 de Lugo, referente al Recurso 2007-715-A interpuesto por D. Xose Isidro Fernández Villalba en relación con la obra ejecutada por la empresa Marful y Varela, S.L. en la intersección de las Calles General Franco ( hoy Avenida de Mondoñedo ) y Rego Vilazo, y que el presupuesto aproximado para hacer frente a la ejecución de la misma ascendería según informe del arquitecto técnico municipal de fecha 02/07/15 a la cantidad de Noventa y una mil quinientos treinta y seis euros con treinta y tres céntimos (91.536,33) lo cual vendría a suponer un importante desfase para la Tesorería Municipal.*

*Visto que el plazo para remitir la documentación finaliza el día quince del presente mes y que con motivo de la celebración de las Elecciones Municipales el pasado día 24/05/2015, el Pleno del Ayuntamiento aún está pendiente de la toma de posesión de un concejal así como de la celebración de las sesiones organizativas y teniendo en cuenta que el equipo de gobierno cuenta con mayoría absoluta,*

*La Junta de Gobierno Local, en votación ordinaria y por unanimidad de los cuatro concejales presentes en la sesión y que constituyen su número legal,*  
**ACUERDA:**

*1º.- Adquirir el compromiso, tal y como se exige en el punto tres de la Disposición Adicional Primera de la Ley 6/2015 ya citada, de dotar en el proyecto de presupuesto general del ejercicio 2016 el Fondo de Contingencia de ejecución presupuestaria por una cuantía equivalente al 1 por ciento de sus gastos no financieros con el fin de atender posibles obligaciones de pago derivadas de futuras sentencias firmes que dicten los Tribunales de Justicia o necesidades imprevistas e inaplazables*

*2º.- Ratificar el presente acuerdo en la primera sesión plenaria que se celebre.*

*(Incorporase de novo á sesión o Sr. Fernández Villalba).*

### **8º.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE 2015 DE CONFORMIDADE CO DECRETO 635/2014 DE 25 DE JULIO.**

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta dos informes trimestrais do **PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015** relativos ao **CUMPRIMENTO/INCUMPRIMETO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES** de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse tanto no **PRIMEIRO TRIMESTRE** que foi de 12,65 días como no **SEGUNDO TRIMESTRE** que foi de -7,87 días (PMP Global).

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os días 27/04/2015 e 08/07/2015, respectivamente.

**9º.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE DO 2015 DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE SEGUIMIENTO DO PLAN DE AXUSTE.**

Seguidamente deuse conta dos informes dos **PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE DO 2015** elaborado por Secretaría - Intervención e referente ao seguimento do Plan de Axuste que fora aprobado na sesión plenaria de 30/03/2012 e dando cumprimento ao disposto no artigo 10 do Real Decreto Lei 4/2012 de 24 de Febreiro. Igualmente infórmase que ditos informes foron remitidos ao Ministerio de Economía e Facenda os días 27/04/2015 e 14/07/2015, respectivamente, tal e como queda constancia no expediente.

Neste punto por Secretaría - Intervención indicouse que houbera un erro no informe do segundo trimestre, concretamente na páxina cinco, cando faise referencia ós ingresos do "Capítulo Terceiro: Taxas, Prezos Públicos e outros" no que se refire ó total do capítulo no ano 2015 debe figurar a cantidade de 91.777,09 € e non 127.208,52 €, e polo tanto no apartado "Diferencia", a cantidade correcta sería 8.232,04 € e non 43.663,87 €, que é a que figura. No cadro seguinte que aparece desglosado por partidas, as cantidades que aparecen son as correctas, o erro veu dado porque nun principio incluírase o segundo trimestre da Taxa por recollida o lixo ,pero ó non poñerse ó cobro ata xullo, eliminouse.

Así pois o cadro correcto sería o seguinte:

<b>TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS (CAP.3º)</b>	
2º TRIMESTRE AÑO 2014	83.544,65 €
2º TRIMESTRE AÑO 2015	91.777,09 €
DIFERENCIA	<b>8.232,44 €</b>

**10º.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE EXECUCIÓN DO PRESUPUESTO CORRESPONDENTES Ó PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2015.**

Chegado este punto da Orde do día deuse conta dos informes emitidos sobre execución do presuposto correspondentes ao **PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE do exercicio 2015**, que foron enviados ao Ministerio de Economía e Facenda os días 04/05/2015 e 10/07/2015, respectivamente, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.

A) PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Cobros Presupostarios: 541.228,98 Euros.
- Pagos Presupostarios: 324.582,02 Euros.





## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



### B) SEGUNDOTRIMESTRE:

- Cobros Presupostarios: 929.511,34 Euros.
- Pagos Presupostarios: 797.085,36 Euros.

### **11º.-DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO MINISTERIO DE HACIENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS SOBRE REPRESENTACIÓN DAS CORPORACIÓN LOCAIS NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA E ADOCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

Visto o escrito remitido pola Xerencia Territorial do Catastro da Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de data 30/06/15 e co núm.00027.001.2015.S.000620 de rexistro de saída, e que tivo entrada nas oficinas municipais o 03/07/15, polo que se informa que, con motivo da renovación das Corporacións Locais o pasado 24 de maio, polo concello débense nomear TRES MUNICIPIOS DA PROVINCIA (excluído Lugo) ós que a Corporación outorga o seu voto para que lles represente no Consello Territorial de Propiedade Inmobiliaria, de conformidade co disposto no Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, e ó non existir na provincia concellos, sen representante propio, con poboación de dereito superior a vinte mil habitantes.

Aberto lo debate, polo portavoz do Grupo municipal do B.N.G., Sr.Fernández Villalba, propúxose ós concellos de Ribadeo, Muras e Póboa de Brollón; por parte da voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, ós concellos de Quiroga, Outeiro de Rei e Foz, e por parte do Grupo Municipal do P.S. de G.-P.S.O.E., propúxose ós concellos de Monforte, Pedrafita do Cebreiro e Láncara.

Seguidamente pasouse á votación e o Pleno en votación ordinaria e con seis votos a favor da proposta do P.S. de G.-P.S.O.E., catro a favor da proposta do P.P. e unha favor da proposta do B.N.G., ACORDOU:

Primeiro.- Nomear para que formen parte do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria ós concellos de MONFORTE, PEDRAFITA DO CEBREIRO E LÁNCARA

Segundo.- Trasladar o presente acordo á Xerencia Territorial do Catastro da Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Administracións Públicas para o seu coñecementos e efectos oportunos.

### **12º.- EXAME E APROBACION, SE PROCEDA, DO EXPEDIENTE DE ELECCIÓN, DO XUEZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE LOURENZA**

Neste punto da orde do día pola Alcaldía informouse do estado de tramitación do expediente instruído para a elección do Xuíz de Paz Titular, que estivera exposto ó público durante un período dun mes, dende o día 09/04/2015 ata o día 07/05/2015, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78 de 08/04/2015, e que se presentara unha soa solicitude.

O pleno, unha vez vista a solicitude, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, e polo tanto co quórum da maioría absoluta legal esixido pola Lei Orgánica 6/85 do Poder Xudicial, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Nomear, Xuíz de Paz Titular a D. JOSÉ LÓPEZ FERNÁNDEZ, con DNI. núm. 33.845.421-R, con domicilio en Avenida Montero Villegas núm.5 de este término, durante un período de catro anos, de conformidade co disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Mondoñedo, quen elevarano á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o seu nomeamento, así como a D. José López Fernández para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### **13º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE MERCADO.**

Seguidamente deuse conta da proposta da Alcaldía relativa á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo Servizo Municipal de Mercado sendo o seu contido literal o que segue:

"D<sup>a</sup>. ROCÍO LÓPEZ GARCIA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO),

EXPON:

*Polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 28/04/15 acordarase a implantación dos MERCADOS DOMINICAIS e para iso fora modificada a Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante.*

*Visto que para poder cobrar a instalación dos postos en dito mercado faise necesario modificar igualmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo Servizo Municipal do Mercado, é polo que esta Alcaldía,*

PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN que adopte o acordo de MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE MERCADO no seu artigo Terceiro, o que fai referencia á Cuantía, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.-Modifica-lo punto 2 do artigo 3-" Cuantía",enga dado una tarifa nova:

2.C) TARIFA PARA OS MERCADOS DOMINICAIS: Cinco (5) Euros por posto e por día.

*Non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente.Lourenzá, 8 de xullo do 2015.Segue sinatura".*

Aberto-lo debate, por parte da voceiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, indicouse que el era partidario de que fora gratuito, xa que se trataba de fomentar e dinamizar unha actividade comercial extinguida fai moito tempo, e que aínda que el era afectado posto que tiña comercio non vía mal que non se cobrara polo menos ata ver como ía desenvolvéndose o mercado e se tiña aceptación tanto por parte dos vendedores como dos veciños.

Pola súa parte a Sra. Álvarez Chao, voceira do P.Popular, indicou textualmente o seguinte: " O mercado das prazas leva desaparecido neste concello dende a década dos 70. O grupo de goberno anterior, baseándose



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



no decreto da Xunta sobre a venda de excedentes agrícolas, viu unha oportunidade de dinamizar as explotacións agrarias do concello que unido ao traballo dos artesáns locais é un revulsivo para as economías domésticas dos dez adxudicatarios dos postos que, aproveitando o obradoiro de emprego anterior, Terras da Cadeira, se fixeron durante o primeiro trimestre deste ano dous mil quince.

Amais é una forma de dinamizar o comercio e o sector da hostalería a través destes mercados cuxo único obxectivo é traer xente a Lourenzá.

A idea do anterior grupo de goberno era iniciar este mercado a finais de primavera, as trabas administrativas que nos foron impostas non fixeron que fora posible e, a falta de interese amosado polo executivo entrante demorou a posta en marcha destes mercados e deixou pasar o verán, por ise motivo cremos que tendo en conta que mudaron as colleitas e mudou o escenario temporal, este grupo vai votar en contra desta taxa, que considera que ao igual que se fai nos mercados do 9 e do 28, estas vendas deber estar exentas, polo menos ata consolidalo e polo tanto non ten cabida esta modificación da Ordenanza Fiscal.

A continuación tomou a palabra o voceiro do equipo de goberno, o Sr. Arango Ron, quen manifestou en primeiro lugar que a Sra. Álvarez contradícese porque fala de que chega tarde e de que non hai urxencia para a celebración do pleno e que por outro lado, en canto a non cobrar nada, trátase de estar accedendo a un servizo facilitado polo concello que ten un custo e que cinco euros por mercado non lle parece moito cando o resto dos comerciantes teñen que facelo todo por eles mesmos e que podería entenderse como competencia desleal.

O Sr. Fernández Villalba apunto que el era da opinión de que se ían cobrar cinco euros en cada mercado, o mercado sería inviable e a Sra. Álvarez Chao indicou que non era competencia desleal, que o tratamento e a saída para os excedentes estaba recollido no Decreto da Xunta áo que fixera referencia anteriormente.

Pola súa parte a Sra. Dengra Sixto apuntou que era o prezo do que se falara no pleno onde se aprobara a modificación da ordenanza e que quizás terían que mirar de facelo soamente en épocas determinadas e non todo o inverno.

Neste punto do debate, a Sra. Alcaldesa propuxo deixalo sobre a mesa para un maior estudo, sendo aprobada dita proposta polo equipo de goberno.

### **14º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE.**

Tamén neste punto da Orde do día deuse lectura á proposta da Alcaldía, sendo o seu contido literal o que segue:

**D<sup>a</sup>. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO), EXPÓN:**

*Polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 28/04/15 acordarase a implantación dos MERCADOS DOMINICAIS e para iso fora modificada a Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante.*

Visto que, aínda que se fixeran as modificacións que se consideraron necesarias para poder implantar dito mercado, por esta Alcaldía observouse que era necesario facer outra pequena modificación no sentido de incluír un punto máis no Artigo 15 bis, OBRIGAS. 15.1 Bis. DOS PRODUTORES E TITULARES DOS POSTOS DOS MERCADOS PERIÓDICOS DOMINICAIS, concretamente o feito de que os prezos do mercado que coincida coa Festa da Faba deberán ser iguais aos que rexan nas denominadas "casetas dos fabeiros" co obxecto de evitar malestar e discriminacións entres uns vendedores e outros e por outro lado, no mesmo artigo e apartado, na letra 15.1.bis i) ampliar a súa redacción, da mesma forma que se fixo no punto 12.2 g) e para que quede recollido nos dous apartados e así evitar posibles confusións de interpretación, é dicir, especificar que a asistencia a Festa da Faba será causa xustificada suficiente para non asistir ó mercado dominical.

En consecuencia, por esta Alcaldía propónse Ó PLENO DA CORPORACIÓN que adopte o acordo de MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE no seu artigo 15.1. bis, o que fai referencia ás Obrigas dos produtores e titulares dos postos dos mercados periódicos dominicais, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.-Modifica-lo Artigo 15.1.bis-"Obrigas dos Produtores Titulares dos postos dos mercados periódicos dominicais", ampliando a redacción do punto j) e engadindo un apartado novo, o i), a saber:

"15.Bis.-OBRIGAS.

15.1.bis.DOS PRODUTORES E TITULARES DOS POSTOS DOS MERCADOS PERIÓDICOS DOMINICAIS.

i)Asistir a tódolos mercados que se celebren salvo causa xustificada que se deberá comunicar ao Concello de Lourenzá, segundo o punto d); como por exemplo, a participación na Festa da Faba que se celebra a primeira fin de semana de Outubro de cada ano.

j)Os prezos do mercado que coincida coa Festa da Faba deberán ser iguais aos que rexan nas denominadas "casetas dos fabeiros".

Non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente.Lourenzá, 12 de agosto do 2015."

A continuación abriuse un pequeno debate no que por parte da voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao indicouse que ían a votar a favor posto que fora unha proposta feita xa por ela ó final do pleno celebrado no mes de abril no que se aprobara a modificación de dita ordenanza.

Por parte do voceiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba preguntouse cal era o prezo dos postos do mercado municipal e neste momento iniciouse un malentendido posto que tanto polo equipo do goberno como polo partido popular entendeuse que preguntaba polo prezo das fabas (cando en realidade preguntaba polo prezo dos postos do mercado) e por parte da Sra. Alcaldesa cedulle a palabra a Sra. Álvarez Chao para que explicara o funcionamento da venda das fabas no mercado, quen, despois de querer que constara en acta que ela explicaría o funcionamento porque o coñecía e porque xo pedían pero que despois non dixeran que lles quería sacar mérito, dixo que cando se organizaba a Festa da Faba fixébase un prezo/kilo e alí soamente vendíase ao por maior e que non tiña nada que ver cos prezos dos postos dos mercados dominicais ou dos postos de



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



abaixo, que era do que se trataba na modificación que se pretendía na ordenanza.

Ante estas palabras, por parte do concelleiro do P.S.de G-P.S.O.E., Sr. Castrillón Fernández, manifestouse que iso non era certo, que tamén vendíase ó por menor, ao que a Sra. Álvarez Chao contestoulle que cando gobernaban eles houbera ocasións que tiveran que chamar á Guarda Civil porque non se podía permitir ese tipo de venda e, ante a insistencia do Sr.Castrillón de que este tipo de venda era unha realidade, manifestou que abandonaba o debate por descoñecemento do equipo de goberno.

Posteriormente e unha vez se tivo aclarado cal era a pregunta que formulara o Sr. Fernández Villalba e pola Sra. Dengra Sixto explicouse que neste caso non había problema porque no mercado cobrábase por metros lineais e ademais porque os postos ós que se cobraba no recinto do mercado no podían ir, polo menos de momento, aos mercados dominicais posto que a ordenanza establecía que os postos eran soamente para produtos relacionados coa horta e coa artesanía da alimentación obtidos directamente polos produtores.

Unha vez dado por finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aproba-la Modificación da Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante no seu artigo 15.1.bis, modificando o punto i) e engadindo o punto j) que quedarían redactados da seguinte forma:

"15.Bis.-OBRIGAS.

15.1.bis.DOS PRODUTORES E TITULARES DOS POSTOS DOS MERCADOS PERIÓDICOS DOMINICAIS.

*i)Asistir a tódolos mercados que se celebren salvo causa xustificada que se deberá comunicar ao Concello de Lourenzá, segundo o punto d); como por exemplo, a participación na Festa da Faba que se celebra a primeira fin de semana de Outubro de cada ano.*

*j)Os prezos do mercado que coincida coa Festa da Faba deberán ser iguais aos que rexan nas denominadas "casetas dos fabeiros".*

SEGUNDO.- Somete-lo presente acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días como mínimo, e anúncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- As modificacións das Ordenanzas aprobadas entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirán en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

CARTO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo

resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

**15º.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN 1/2015 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE GASTOS DE DISTINTAS ÁREAS.**

Visto o expediente de modificación de créditos nº 1/2015 para a concesión de Suplemento de Crédito tramitado.

Visto o informe favorable de Secretaría -Intervención desta Entidade Local de data 27/07/2015.

Visto o ditame favorable evacuado pola Comisión Especial de Contas de data 21/08/2015.

Despois dun breve debate no que por parte da voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, solicitouse que, dado que a partida 450.210 non quedaba totalmente esgotada, se era posible, destinaranse os cartos sobrantes a adaptar os parques infantís do Ranchito e de Oural á normativa vixente posto que cando arranxaranos o seu equipo de goberno o importe máximo do investimento no podía superar os trinta mil euros e non se puideran incluír todos e que, por parte da Sra. Alcaldesa tomouse nota da petición, o Pleno, pasou á votación e, con dez votos a favor, dos concelleiros do P.S.de G.-P.S.O.E. e P.P., e unha abstención, do B.N.G., adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Expediente de Modificación de Créditos núm. 1/2015, de Suplemento de Crédito baixo a modalidade de Transferencia de Crédito entre partidas de gastos de distintas áreas, de acordo ó seguinte detalle:

A)Altas en Partidas de Gastos

Partida		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Program	Económica				
450	210	OUTRAS INVESTIMENTOS REPOSICIÓN INFRAESTRUCTURAS	22.000,00	35.000,00	57.000,00
450	619	OUTROS INVESTIMENTOS REPOSICIÓN INFRAESTRUTURAS BENS USO XERAL	140.000,00	10.000,00	150.000,00
TOTAL			162.000,00	45.000,00	207.000,00

En canto ó financiamento do expediente, o mesmo realizase con cargo a anulación o baixas de créditos doutras partidas do Presuposto vixente non comprometidas, neste caso coas economías da Partida destinada a amortización préstamos a longo prazo fora do sector público,



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



concretamente co aforro que supuxo o desestimento do refinanciamento do Préstamo do Plan de Provedores(acordo plenario de 28/04/15), posto que ó quedar incluído dito préstamo no Fondo de Financiamento para Pago a Provedores 2, a partir do 1 de xaneiro do ano 2015 non se aboarán vencementos do principal durante dito exercicio, e no Presuposto 2015 aparecían consignadas ditas amortizacións.

Ditas formas de financiamento corresponden co seguinte detalle:

### B) Baixas en Partidas de Gastos

Partida		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
011	310	INTERESES	19.000,00	-8.000,00	11.000,00
011	913	AMORTIZACIÓN PRÉSTAMOS A LONGO PRAZO FORA DO SECTOR PÚBLICO	60.000,00	-37.000,00	23.000,00
		TOTAL	79.000,00	-45.000,00	34.000,00

A realización do expediente de modificación de crédito está xustificada na insuficiencia de saldo de crédito suficiente na partida obxecto do expediente, verificándose dita insuficiencia no nivel no que está establecida a bolsa de vinculación xurídica que é Área de Gasto e Capítulo.

**SEGUNDO.-** Expoñer o presente expediente ó público mediante anuncio inserto no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo por prazo de QUINCE días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O presente expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan formulado reclamacións, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

### **16º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA PROMOVER A EXPOSICIÓN DA OBRA DE D. PAULINO PÉREZ VARELA, VECIÑO DA PARROQUIA DE SANTO TOMÉ DURANTE A CELEBRACIÓN DA XXV EDICIÓN DA FESTA DA FABA.**

Iniciado este punto, tomou a palabra a voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao para dicir que o seu grupo retiraba a moción que se ía tratar neste punto e que os motivos fundamentais eran os seguintes: "*O pasado trece de xuño, as trece horas, como alcaldesa en funcións quedei coa hoxe Alcaldesa, a Sra. López García, despois dunha hora de espera, chameina por teléfono dúas veces sen éxito. As 14:40 horas recibo un wasap no que me di que lle foi imposible acudir á cita. O motivo da reunión era poñela ao tanto de todos os asuntos que deixaba pendente como alcaldesa. O mesmo día da súa toma de posesión ofrecinlle a miña colaboración igual que o día 17 de xuño durante a celebración do pleno para fixarse os eu salario.*

*Un dos temas a tratar era a exposición da obra de Paulino Pérez durante a Festa da Faba, vista a negativa da actual alcaldesa a reunirse*

*comigo, decisión que respecto, o único mecanismo que temos como oposición para promover isto é a través dunha moción que rexistramos o 7 de xullo, con tempo suficiente e sabedores que aínda non empezaran cos preparativos da Festa da Faba.*

*No pasado pleno, extraordinario, igual que este, non foi incluída na orde do día a nosa moción, nin se permitiu que se debaterá como urxente.*

*No transcurso do debate o Sr. Arango díxonos que xa tiñan concertada exposición para a Festa da Faba, por ese motivo, como autora da iniciativa, retíroa do orde do día, o que se me gustaría é convidar ós presentes a exposición da obra de Paulino, que grazas a xestión deste grupo, estará exposta dende o 4 ao 7 de setembro coincidindo coas festas dos Remedios no Centro Comarcal en Mondoñedo. Con esta actuación este grupo cumpre o compromiso que tiña con Paulino Pérez de que a súa obra fora exposta non sen antes lamentar que non puidera facelo primeiro no seu concello, por desidia, pasotismo e partidismo do equipo de goberno”.*

A continuación tomou a palabra o voceiro do Partido Socialista para dicir que o equipo de goberno non quería de ningún modo politizar este tema, que así o pedira a familia e que nada mais chegar ó goberno formarían unha Comisión para organizar a Festa da Faba e que está empezou traballando en temas como o cartel, a exposición etc., e había que respectar o traballo da xente que a integraba, que falaran coa familia de D. Paulino e esta comprendeu a situación e quedaron en buscar outro día para organiza-la exposición.

Ás palabras do Sr. Arango, a Sra. Álvarez Chao contestoulle que reuniranse “onte” coa familia, ó que, tanto o Sr. Arango como a propia Alcadesa manifestaron que non era certo, que ademais de onte, antes tiveran, ambos, unha reunión co fillo e que estaban de testemuño tanto a Secretaria como o resto de funcionarios presentes nas oficinas, que eles non mentían. Pola Sra. Álvarez Chao díxose que ela tampouco, que entón a que mentía era a familia e que quería que constase isto na acta.

Por parte do voceiro do Partido Socialista, Sr. Arango indicouse que o que trataba de facer a Sra. Álvarez Chao era un goberno na sombra como ela mesma dicía nos medios, quizás porque aínda no asumía a súa derrota e o lugar que ocupaba, ó que motivou a contestación por parte da voceira do P.Popular, indicando que ela falara de goberno paralelo non na sombra e entón iniciouse un pequeno debate entre ambos sobre se eran sinónimos goberno na sombra e goberno paralelo.

Finalizouse o debate dicindo a Sra. Álvarez Chao que ela facía o que a oposición non soubo facer durante tódolos anos que estivo nela, que non fixera nada de nada, ao que por parte do Sr. Arango contestóuselle que aí estaban os resultados, que os veciños de Lourenzá votaran e decidiran quen traballaba e quen quería que gobernara.

Pola súa parte a Sra. Alcadesa matizou que se a Sra.Álvarez consideraba que o tema era tan importante podía tela chamado he comentado o asunto para buscar unha solución conxunta, que dende que está gobernado houbo moitos días para facelo e non ampararse e referirse soamente ós días antes da toma de posesión, días nos que ela estaba moi





## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



ocupada e que desculpára a súa non asistencia, dicíndolle que non lle era posible acudir á cita.

Así pois a Moción quedou retirada da orde do día pola autora da iniciativa, a Sra. Álvarez Chao, voceira do Partido Popular.

### **17º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL P.S.DE G-P.S.O.E. SOBRE REGULACIÓN DO FESTEXOS POPULARES EN GALICIA.**

Chegado este punto do orde do día, e unha vez aberto-lo debate, por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba presentouse unha enmenda á moción presentada polo equipo de goberno, sendo a parte dispositiva do seguinte tenor:

*"Engadir ao punto de acordo os seguintes:*

*1.- Reclamar da Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Benestar Social, as accións necesarias para mellorar as condicións laborais das empregadas e empregados das orquestras galegas.*

*2.- Reclamar da Xunta de Galicia a redución dos trámites administrativos e burocráticos incluídos na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia para facilitar o traballo voluntario das comisións de festas.*

*3.- Remitir o acordo aos grupos parlamentarios con representación no Parlamento Galego."*

A Sra. Alcadesa manifestou a súa conformidade a dito engadido.

Pola súa parte a voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, dixo: *"que parecía que o Sr. Arango tomou moi en serio que eu sacara un folio en branco durante o mitin da campaña electoral para dicir que esas eran as iniciativas que presentara o grupo socialista durante o meu mandato (algo totalmente certo e contrastable). Debe ser por iso que a este Pleno trae dúas mocións xenéricas, é dicir, que tanto valen para Lourenzá como para Ferrol ou Marín. No caso concreto que nos ocupa, nin tan sequera se molestou en reimprimila cos datos de Lourenzá, limitouse a poñer o seu nome e o do noso concello a bolígrafo no espazo que lle deixaron en branco dende o aparato do partido.*

*Por outro lado este tipo de iniciativas non aportan nada ao debate dun pleno municipal, de feito en anteriores lexislaturas tiñamos un acordo dos tres grupos para non presentalas, só debatíamos temas relacionados con Lourenzá ou que afectan directamente aos veciños/as de Lourenzá, para temas máis banais para a política municipal como este, temas que se deben debater noutros foros, xa temos os tres grupos representantes tanto no Congreso dos Deputados como no Senado ou o Parlamento de Galicia. Por iso Sr. Arango gustaríame sacar un compromiso deste pleno para no sucesivo centrarnos en Lourenzá que é para o que os nosos veciños nos votaron.*

*De todas formas nos apoiaremos esta iniciativa que non é máis que un brindes ao sol e non temos ningún recelo en facelo, non sen antes dicirlle que, neste momento, a Xunta de Galicia está a tramitar a Lei de Espectáculos Públicos de Galicia e como vostede xa debería saber, as distintas comisións sectoriais reúnen-se co sector a fin de consensuar o texto da Lei antes da súa tramitación".*

O voceiro do equipo de goberno, partido socialista, Sr. Arango Ron contestoulle que non deixaba de asombrarse polo feito de que a Sra. Álvarez Chao falara de non presentar mocións xenéricas e despois quixera facer unha declaración institucional sobre a violencia de xénero, ao que ela contestoulle que era diferente e que a fixera ela.

Pola súa parte a terceira tenente de alcalde, Sra. Dengra Sixto, puntualizou que na súa opinión non era una moción xenérica e que ela como membro dunha Comisión de Festas víase claramente afectada e consideraba que si era un tema importante para o concello que o afectaba a todos e que debíase tratar nunha sesión plenaria.

Tamén por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba manifestouse que non era partidario das mocións xenéricas.

Finalmente pola Alcaldía deuse por finalizado o debate indicando que ela considera que era un tema de importancia para o concello e pasándose á votación, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal ADORDOU Aproba-la Moción presentada polo grupo municipal do P.S.de G.-P.S.O.E., coa emenda de engadido do concelleiro do B.N.G, referente á REGULACIÓN DOS FESTEXOS POPULARES EN GALICIA, sendo o seu texto definitivo o que se transcribe a continuación:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

*Galicia ten una forte tradición popular vinculada ás festas populares que cada ano se celebran vinculadas ás parroquias. Non obstante cabe destacar que a pesar de haber en Galicia 314 concellos, estes divídense a súa vez en 3.792 sedes eclesiásticas que conforman as denominadas parroquias.*

*Tan arraigada está a tradición da "festa galega" que en case todas estas parroquias, polo menos unha vez o ano, se celebra unha festividade anual que contén sempre unha actuación musical en directo. É por isto que o número de verbenas en Galicia é superior a 3.000 por ano, acadando a cifra de 12.000 actuacións musicais vinculadas a estas celebracións, o que deu lugar a unha industria musical propia e enmarcada dentro deste conglomerado lúdico, festivo e singular que "move máis recursos e xera máis emprego que todas as actividades musicais que se desenvolven hoxe en Galicia."*

*O xeito de organizar e sufragar estas festas responde, en máis do 90% dos casos, á promoción, xestión e financiamento por parte dos veciños das respectivas parroquias, que se organizan en comisións de festas, asociacións de veciños, etc.*

*Este é un factor diferencial de organización das festas de Galicia con respecto ao resto de España, xa que fóra da nosa comunidade as festas son organizadas por organismo públicos e non directamente polo veciños.*

*É por isto que estamos asistindo a unha mobilización masiva do sector que manifesta unha fonda preocupación pola pervivencia desta actividade económica: dende as propias orquestras, os músicos e os promotores, que piden que se leve a cabo unha regulación do dito sector por parte da Administración, que teña en conta as especificidades de Galicia e que non pona en perigo un sector que factura uns 60 millóns de euros e*



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



*emprega a máis de 7.000 persoas relacionadas co sector do espectáculo. Ademais do impacto que estas celebracións teñen a nivel social e tamén noutros sectores como son o turismo e a hostalería.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Lourenzá presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

*1.- O Pleno do Concello de LOURENZÁ insta ó Goberno galego para que se dirixa ó Goberno de España, previo diálogo co sector citado, en demanda dunha regulación fiscal que atenda as súas peculiaridades e dunha revisión da lexislación de espectáculos e das licenzas de actividades correspondentes, hoxe fortemente restritivas da actividade das orquestras e das festas populares."*

*2.- Reclamar da Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Benestar Social, as accións necesarias para mellorar as condicións laborais das empregadas e empregados das orquestras galegas.*

*3.- Reclamar da Xunta de Galicia a redución dos trámites administrativos e burocráticos incluídos na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia para facilitar o traballo voluntario das comisións de festas.*

*4.- Remitir o acordo aos grupos parlamentarios con representación no Parlamento Galego."*

### **18º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.DE G-P.S.O.E. ESIXINDO A POSTA EN MARCHA DE MEDIDAS CON CARÁCTER URGENTE PARA GARANTIR A SUPERVIVENCIA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.**

No derradeiro punto da orde do día e coñecido por todos o contido da Moción, pola Alcaldía- Presidencia abriuse o debate, iniciándose cunha pregunta por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba quen preguntou ao equipo de goberno sobre cales eran as medidas concretas para abaratar os custos das que falaba o partido socialista no punto quinto da moción, e se ían ser medias a longo ou a corto prazo posto que na moción distinguíase entre unhas e outras e aínda que sabía que era unha moción xenérica, el, no seu partido, cando eran temas semellantes e presentábase unha moción deste tipo, intentaba entrar máis ó detalle, e procuraba coñecer polo miúdo cales poderían ser as posibles solucións ós problemas que se prantexaban.

Por parte do voceiro do partido socialista, Sr.Arango Ron, indicouse que as medidas teríaas que adoptalas o goberno central e eran todas a contidas na moción.

Neste momento da sesión e dado que a Sra.Álvarez Chao, aludindo á resposta dada polo Sr.Arango dixo que non lira a moción, este interpelouna dicíndolle que era unha maleducada, que por suposto que lira a moción, que a presentaban eles e coñecía perfectamente o seu contido.

Pola súa parte a voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, iniciou a súa intervención dicindo que estabamos ante outra moción xenérica presentada polo socialistas en todos os concellos, na Deputación de Lugo e no Parlamento de Galicia. O Partido Popular tamén presentou as súas, pero

este grupo non quere ser títire dun partido e para nós os gandeiros son a prioridade, por riba da loita partidista que nun concello como Lourenzá quedan, ao noso xuízo fora de lugar, por ese motivo decidimos non rexistrala. A ninguén se lle escapa a grave situación que están a pasar os traballadores do campo, concretamente os gandeiros de leite e a consecuencia da sobreproducción e un desaxuste ente a oferta e a demanda, no é a mais grave crise recente, desgraciadamente a inestabilidade do sector palpouse xa en varias ocasións neste século, por iso que, nós que creemos na unidade e no consenso de todas as forzas na defensa do sector lácteo, cremos que deberíamos trasladar dende esta institución o noso apoio unánime a todo o sector, por este motivo propoñemos a Sra. Presidenta transformar esta moción nunha declaración institucional de apoio ao sector lácteo. Independentemente do que decidan anunciamos que vamos a votar a favor desta iniciativa, hai moitas cousas que se poden matizar, é unha iniciativa cargada de referencias políticas, cargada de tintes partidistas, pero non é o lugar para defender a xestión dun ou doutro goberno, polo que non vou enumerar as distintas medidas que se puxeron en riba da mesa por parte dos gobernos central e autonómico e vou limitarme a expresar con este xesto, o noso apoio incondicional aos gandeiros e gandeiras de Lourenzá, nos se trata de quen sae máis nas cámaras ou quen sae máis adiante nas manifestacións, nos propoñemos un esforzo común das tes forzas aquí representadas co obxecto de tender pontes de colaboración e axudas aos gandeiros.

Na rolda de intervención do voceiro do equipo de goberno, Sr. Arango Ron, este puntualizou e xustificou a presentación da moción alegando que non todos axudan da mesma maneira ao sector lácteo, que o goberno central aprobara unha axuda de 300 €/vaca, totalmente insuficiente para as explotacións deficitarias do Estado, que non chegaba nin para os labregos galegos e que para o grupo socialista non deixaba de ser un parche que non solucionaba o futuro do sector.

Finalmente a Sra. Alcaldesa -Presidenta rematou dicindo que o importante e o que tiña que quedar claro era a preocupación polo sector lácteo e os gandeiros, e así, dando por finalizado o debate pasouse á votación e, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, acordou facer, a iniciativa do P.Popular, unha declaración institucional da Moción presentada polo grupo municipal Socialista de apoio ao SECTOR LÁCTEO GALEGO, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

*"As explotacións lácteas galegas están nunha situación económica límite: ameazadas con deixar de recollerlles o leite, prezos ruinosos, a imposición de contratos de condicións abusivas por parte das industrias e a banalización do leite por parte da distribución, que segue a empregalo como produto reclamo.*

*Miles de familias viven de xeito directo e indirecto da produción de leite en Galicia, sendo en moitas comarcas un sector estratéxico tanto a nivel de emprego como dende o punto de vista económico, social ou de xestión do territorio. Fronte á profunda crise que está a vivir o sector lácteo*



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P27027003

REL: 01270272



*galego e á ameaza de deslocalización da produción de leite cara a outras partes do estado e de Europa.*

*A mala acollida nun principio do paquete lácteo, polo menos por unha banda do sector industrial, contribuíu a que en España se produza un fenómeno que non ten precedentes en ningún país da UE e moito menos nun país deficitario como é o noso, cal é o abandono das rutas de recolleita ou ameazas de non recoller. Esta situación é insostible e menos nun produto tan perecedeiro como o leite.*

*A sinatura de máis de 3.000 contratos con prezos de entre 18 e 22 céntimos por litro, arruína aos gandeiros a curto prazo e ameaza con desequilibrar toda a cadea de valor.*

*Dende fai máis dun mes, tanto a nivel galego como nas diferentes comarcas máis importantes de Galicia a nivel de produción de leite, os gandeiros e gandeiras véñense manifestando de forma moi importante esixindo das administracións en xeral e sobre todo do Goberno Galego, unha rápida intervención e que lidere propostas políticas a nivel nacional e europeo, sen que ata o de agora sexan escoitados.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Lourenzá dado a importancia que o sector representa neste concello como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*SOLICITAR do Goberno da Xunta de Galicia a que de acordo co sector desenvolva medidas políticas urxentes para evitar o peche de miles de explotacións de leite:*

### A.- MEDIDAS A CURTO PRAZO.

***1.- Cuantificación do excedente lácteo e xestión do mesmo a través dos mecanismos de intervención, almacenamento privado e entrega a terceiros países.***

*España é un país importador de leite, tanto de produtos elaborados como de leite en po. O Goberno de España ten que xustificar a posta en marcha das medidas de intervención dende a idea de que o noso país vive nestes momentos unha situación excepcional con risco de grave desvertebración do conxunto do sector produtor. Débese por en marcha compras públicas de intervención para o leite en po e manteiga a prezos que se cubran polo menos os custos de produción dos gandeiros. O almacenamento privado e a entrega a terceiros países son sen dúbida fórmulas que tamén deben ser postas en marcha. O mundo necesita leite e nos nestes momentos podemos proporcionarlla.*

***2.- A Determinación dun "Prezo Sostible" para o leite, baseado nos prezos mínimos da industria e da distribución tal como están recollidos no observatorio do Ministerio ós que se agregarían o prezo medio da leite na UE-15.***

*Os gandeiros galegos están dispostos a competir no mercado pero o que non poden e soportar os prezos máis baixos de Europa e con diferenzas de ata 8 céntimos con respecto a outras comunidades autónomas do Estado, non é xusto nin explicable por ningunha razón e menos polas razóns do "mercado". Este prezo nunca podería ser inferior os custos de produción dos gandeiros, algo suficientemente obxetivable.*

**3.- Vixilancia e sanción dos contratos de lixio, de modo que se consideren nulos e se logre o compromiso coa industria que opera en España para recolocar ese leite a prezos de mercado.**

Nun contexto no que os mercados nacionais e internacionais ofrecen expectativas , é preciso recoller todo o leite que existe no mercado a prezos de mercado.

**4.- Acabar coa banalización que con frecuencia se fai do leite e so produtos lácteos nos lineais de gran distribución.**

É preciso xerar valor na cadea láctea e que devandito valor se reparta ao longo da mesma. Debe cumprirse a Lei de Transparencia da Cadea Alimentaria en especial as labores de control, inspección e sanción de prácticas comerciais irregulares.

**5.- Axudas inmediatas directas ás explotacións , para evitar o peche xa que arrastran moitos meses perdendo cartos.**

**B.- MEDIDAS A MEDIO PRAZO.**

**1.- Regulación dos primeiros compradores de modo que sexan verdadeiros operadores loxísticos que aporten algún valor na cadea e non meros intermediarios.**

A esixencia dun aval suficiente pode ser unha forma de regulación que ofrezga garantía de cobro aos produtores. Tamén se debe axilizar a retirada do permiso de actividade no caso de reincidencia nas prácticas nocivas para o sector.

**2.- Necesidade de recuperación do consumo.**

Impulso do programa de leite escolar que permita unha mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos e un aumento do seu consumo nun fragmento de poboación máis xoven. Mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos, utilizando argumentos que contrarresten a imaxe negativa do leite que se da en moitos ámbitos.

3.-É preciso estabilizar as relacións entre os distintos axentes da cadea láctea.

A interprofesional láctea e o contrato lácteo son elementos importantes de estabilidade e vertebración sectorial. É preciso buscar fórmulas novidasas que resolvan a difusión dos índices de referenciación de prezos para o seu uso de forma xeneralizada nos contratos lácteos.

É unha prioridade para que a negociación dos termos do contrato se produzan en condicións de equilibrio. Varios son os elementos que producen desequilibrio na negociación. Un é o carácter perecedoiro do produto, a diferenza

a da capacidade de concentración entre produtor e industrial, e a existencia dunha única canle de venda de leite sexa a primeiros compradores ou a industrias.

**4.- Aposta por unha verdadeira negociación colectiva dos elementos do contrato a través das organizacións de produtores tal e como o paquete lácteo permite.**

Desenvolvemento da figura do mediador para que interveña naqueles casos en que non exista acordo nas condicións de contrato previo á sinatura do mesmo ou para aqueloutros en que a industria nin sequera se queira sentar coas organizacións de produtores.



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P27027008  
REL: 01270272



*A deslocalización da produción láctea é unha das grandes preocupacións pois pode afectar a moitos dos pequenos e medianos produtores de leite. É necesario establecer instrumentos para evitalo.*

### **5.-Establecer un plan estratéxico de futuro para o sector lácteo galego.**

*Consideramos necesarias medidas de carácter estratéxico para reforzar e asegurar a posición de liderado do sector lácteo galego en España e poder facer fronte en mellores condicións a posibles crises de baixos prezos de mercado que poden repetirse na nova situación de mercado liberalizado.*

*Neste sentido hai que acordar e comprometerse a elaboración urxente, tal como o PSdeG-PSOE reclamou de forma reiterada, dun plan estratéxico do Sector Lácteo Galego:*

- Contando con todo os axentes implicados.*
- Con compromisos orzamentarios axeitados, claros e calendarizados.*
- Con medidas enfocadas para que os produtores poidan abaratar os custos de produción e centrados fundamentalmente nun eficaz acceso a máis base territorial.*
- Con un plan industrial propio galego que conte coas cooperativas, e que dote a este país de estruturas de fabricación de produtos elaborados que xeren maior valor engadido que o leite líquido."*

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldía levantouse a sesión sendo as vinte un horas e cincuenta e cinco minutos (21,55) e estendéndose do seu resultado a presente acta, reflexo dos feitos acaecidos na mesma e que, como Secretaria, dou fe.

Vº e Pr.

A Alcaldesa- Presidenta,



A Secretaria - Interventora ,



